



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O 28.09.2023

O día 28 de setembro de 2023, ás 19:30 h, reuniuse no salón de plenos o Pleno do Concello en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

Preside o alcalde, José Manuel Mato Martínez.

ASISTENTES: Presidente

José Manuel Mato Martínez (PP)

CONCELLEIROS/AS: Partido Popular (PP)

Constantino Fernández Vila

María Josefa Álvarez Bugallo

José Luis Pena Romay, incorporouse ás 19.39 h

Partido Galego (PG)

Juan Ramón Vidal Torrado

Raquel Fondo Pérez

Agrupación de electores Adiante por Ponteceso (AxP)

Roberto Alexandre Andrade de Santiago

PSdeG-PSOE

Xosé Lois García Carballido

Noelia María Varela Suárez

José Manuel Nuñel Costa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Fátima Rodríguez González, incorporouse ás 19:35 h

Espazo Común (APIN-ESCO)

José Manuel Pose Verdes

AUSENTES:

Consuelo Martínez Lema (PSdGPSOE)

Secretaria: Antía Pena Dorado

Interventor: Francisco Javier Ulloa Arias

O presidente declara aberta a sesión, despois de comprobar que o quórum é conforme co artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

A continuación, os concelleiros e as concelleiras estudan e examinan os asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

1. Parte resolutiva

1.1 Aprobación das actas das sesións plenarias do 10 de agosto e a extraordinaria urxente do 14 de setembro.

O presidente pregunta se algunha concelleira ou algún concelleiro ten observacións ás actas das sesións plenarias do 10 de agosto e a extraordinaria e urxente do 14 de setembro.

O concelleiro Pose Verdes di que el non recibiu a acta dunha das sesións do 14 de setembro. A secretaria responde que falta a acta da sesión extraordinaria do 14 de setembro porque non estaba firmada cando se notificou a convocatoria.

Ao non existir aclaracións quedan aprobadas as actas das sesións do 10 de agosto e a extraordinaria urxente do 14 de setembro.

1.2 Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 2 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica

A secretaria le a proposta e o interventor explica as tres modificacións (adaptación á linguaxe inclusiva, a consideración de vehículos históricos para vehículos antigos a partir dos 40 anos e adaptación ao galego normativo.

<< ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2, REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Expediente: 2023/X999/000370

PROPOSTA O PLENO

Iniciado o expediente de aprobación, dáse traslado do mesmo ó Pleno, para a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: A aprobación da nova redacción da ordenanza nº 2 reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica. O texto da ordenanza será o seguinte:

Artigo 1. Fundamento legal e normativa aplicable

Establécese o Imposto sobre os vehículos de tracción mecánica (IVTM), de conformidade co disposto no artigo 59.1.c) do Real decreto legislativo (RDL) 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas.

O IVTM esixirase de conformidade co RDL 2/2004, do 5 de marzo e coas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esa lei.

Artigo 2. Natureza e feito imponible



1. O IVTM é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desa natureza aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.
2. Considerarase vehículo apto para circular o que conste matriculado de alta nos rexistros públicos correspondentes. Para os efectos deste imposto, tamén se consideraran aptos para circular os vehículos con permisos temporais e con matrícula turística.

Artigo 3. Supostos de non obriga

Non están suxeitos a este imposto:

- Os vehículos que estean autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas a vehículos desa natureza, aínda que estean dados de baixa nos rexistros correspondentes por ser un modelo antigo.
- Os remolques e os semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica a carga útil dos cales sexa superior a 750 kg.

Artigo 4. Exencións

1. Estarán exentos deste imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais que estean adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, das oficinas consulares, de axentes diplomáticos e de funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e coa condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e os dos funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
- c) Os vehículos para os que así se estableza en tratados ou convenios internacionais.
- d) As ambulancias e os demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou de enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida aos que se refire a letra A do anexo II do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba Regulamento xeral de vehículos. Tamén están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con diversidade funcional sempre que estean destinados ao seu uso exclusivo. Esta exención aplicaráselles tanto aos vehículos conducidos polas persoas con diversidade funcional como aos que estean destinados a transportalas, mentres manteñan esas circunstancias. As exencións previstas na letra e) non se aplicarán a máis dun vehículo. Están consideradas persoas con diversidade funcional as que teñan esa condición legal en grao igual ou superior ao 33%.
- f) Os autobuses, os microbuses e os demais vehículos destinados ou adscritos ao



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

servizo de transporte público urbano, sempre que a súa capacidade exceda de 9 prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, os remolques, os semirremolques e a maquinaria con cartilla de inspección agrícola.

2. Para poder gozar das exencións ás que se refiren as letras e) e g) do apartado 1, as persoas interesadas deberán solicitálas antes da devindicación do imposto, indicando as características do vehículo, a matrícula e a causa do beneficio. O Concello de Ponteceso notificaralles a resolución ás persoas beneficiarias, que servirá para acreditar a exención. Este beneficio fiscal recoñeceráselles aos suxeitos pasivos mentres concorran as circunstancias que determinaron a concesión, polo que deberá ser renovado de acordo coa data da revisión do grao de minusvalía que consta na certificación. A concesión da exención terá efectos desde o impositivo seguinte ao da solicitude, no caso de presentar a solicitude con posterioridade á devindicación do imposto.

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude da exención regulada na letra e) no

Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso coa seguinte documentación: Vehículos conducidos por persoas con diversidade funcional:

- 1.–Fotocopia do certificado do grao de diversidade funcional expedido pola consellería ou polo ministerio correspondente, no que conste o grao e a clase de discapacidade.*
- 2.–Fotocopia do permiso de conducir.*
- 3.–Fotocopia do permiso de circulación que identifique a titularidade do vehículo.*
- 4.–Fotocopia da póliza de seguro do vehículo no que conste o nome da persoa condutora habitual.*
- 5.–Fotocopia do Número de Identificación FISCAL (NIF).*
- 6.–Fotocopia da ficha técnica do vehículo.*
- 7.–Declaración responsable de que o vehículo vai ser de uso exclusivo da persoa beneficiaria da exención.*
- 8.–Certificado do Padrón Municipal.*

As persoas interesadas deberán achegar só a fotocopia do certificado do grao de diversidade funcional e a fotocopia da póliza do seguro cando solicite a renovación da exención.

Queda condicionada a concesión á liquidación de débedas pendentes co Concello por calquera concepto.

Vehículos destinados ao transporte de persoas con diversidade funcional:

- 1.–Fotocopia do certificado do grao de diversidade funcional expedido pola consellería ou polo ministerio correspondente no que conste o grao de diversidade funcional, a necesidade de asistencia de terceiras persoas e as dificultades graves de mobilidade que lle impidan utilizar o transporte colectivo.*
- 2.–Fotocopia do permiso de circulación da persoa condutora habitual do vehículo obxecto da exención.*
- 3.–Fotocopia da póliza de seguro do vehículo no que conste o nome da persoa condutora habitual.*
- 4.–Fotocopia do NIF da persoa con diversidade funcional e da persoa condutora habitual.*
- 5.–Fotocopia da ficha técnica do vehículo.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

6.–*Declaración responsable de que o vehículo vai ser de uso exclusivo da persoa beneficiaria da exención.*

7.–*Certificado do Padrón Municipal*

As persoas interesadas deberán achegar só a fotocopia do certificado do grao de diversidade funcional e a fotocopia da póliza do seguro cando solicite a renovación da exención.

Queda condicionada a concesión á liquidación de débedas pendentes co Concello por calquera concepto, así como ao informe da policía local, de ser preciso.

3. *O alcalde resolverá aprobar ou denegar as exencións previstas nas letras e) e g) despois de que a Intervención Municipal fiscalice. A resolución notificaráselle á persoa interesada e porase en coñecemento da Deputación Provincial da Coruña por ser titular da xestión recadatoria do Concello de Ponteceso.*

As exencións concedidas referidas ás letras e) e g) non se aplicarán a máis de un vehículo. Non se considerarán vehículos para o uso exclusivo da persoa con diversidade funcional se non consta no certificado da consellería ou do ministerio que a persoa con diversidade funcional ten dificultades graves de mobilidade que lle impiden utilizar o transporte colectivo.

Artigo 4. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos do IVTM as persoas físicas, as xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan titulares do vehículo. **Artigo 5. Cota tributaria**

1. *O Concello de Ponteceso ten fixado no 1,15% o coeficiente de incremento das cotas do IVTM, de conformidade co previsto no artigo 95.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais,*

2. *Esixirase o imposto de conformidade co seguinte cadro de tarifas:*

Potencia e clase de vehículo	Cota/€
A) Turismos:	
– De menos de 8 cabalos fiscais	15,78
– De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	42,60
– De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	89,93
– De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	112,01
– De 20 cabalos fiscais en diante	140,00
B) Autobuses:	
– De menos de 21 prazas	104,13
– De 21 a 50 prazas	148,30
– De máis de 50 prazas	185,38
C) Camións:	
– De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	52,85
– De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	104,13
– De máis de 2.999 quilogramos a 9.999 quilogramos de	



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

carga útil	148,30
– De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	185,38

D) Tractores:

– De menos de 16 cabalos fiscais	22,09
– De 16 a 25 cabalos fiscais	34,71
– De máis de 25 cabalos fiscais	104,13

E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

– De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	22,09
– De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	34,71
– De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	104,13

F) Outros vehículos:

– Ciclomotores	5,53
----------------	------

Potencia e clase de vehículo	Cota/€
– Motocicletas ata 125 c.c.	5,53
– Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	9,46
– Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	18,94
– Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.	37,86
– Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	75,73

3. O Concello de Ponteceso establece as seguintes bonificacións, de conformidade co disposto no artigo 95.6 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais:

a) Establécese a bonificación do 100% para os vehículos históricos ou para aqueles que teñan unha antigüidade mínima de corenta anos, contados a partir da data da fabricación. Tomarase como referencia a data da primeira matriculación ou a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, de non coñecer a data da fabricación.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude de bonificación as características do vehículo, a matrícula, a antigüidade e os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos, coa copia compulsada da ficha técnica, do permiso de circulación ou do certificado do fabricante ou de Industria respecto da data na que se deixou de fabricar o modelo. Achegará a catalogación de vehículo histórico do órgano competente da Comunidade Histórica, de ser o caso.

A persoa solicitante deberá xustificar estar ao día no pago do IVTM presentando os recibos dos catro últimos exercicios ou o certificado equivalente.

As persoas interesadas deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso a solicitude e a demais documentación antes da data da devindicación do imposto. A exención aplicarase desde o exercicio seguinte, en caso contrario.

O alcalde resolverá a bonificación despois de que a Intervención Municipal fiscalice.

A resolución notificaráselle á persoa interesada e porase en coñecemento da Deputación



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Provincial da Coruña por ser titular da xestión da recadación do Concello de Ponteceso.

b) Establécese a bonificación do 75% durante cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación para os contribuíntes que adquiren un vehículo eléctrico, de biodiésel ou movido por hidróxeno, así coma para os que adquiren un vehículo novo con catalizador homologado sempre que acrediten que depositarán o vehículo nun centro autorizado de tratamento de vehículos para despezalo.

As persoas interesadas deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso a solicitude de bonificación e a ficha técnica do vehículo antes da data da devindicación do imposto.

A bonificación aplicarase desde o exercicio seguinte, en caso contrario.

O alcalde resolverá a bonificación despois de que a Intervención Municipal fiscalice.

A resolución notificaráselle á persoa interesada e porase en coñecemento da Deputación

Provincial da Coruña por ser titular da xestión da recadación do Concello de Ponteceso.

Artigo 6. Período impositivo e obriga de contribuír

- 1. O período impositivo coincide co ano natural. No caso de primeira adquisición o período impositivo comezará o día da adquisición.*
- 2. O imposto percibirase no primeiro día do período impositivo.*
- 3. O importe da cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo.*
- 4. O pagamento do imposto acreditarase mediante a declaración-liquidación ou recibo validado pola entidade recadadora.*

Artigo 7. Réximes de declaración e de ingreso

- 1. A xestión, liquidación, inspección e recadación e a revisión dos actos ditadas en vía de xestión tributaria correspóndelle ao Concello que conste no permiso de circulación.*
- 2. Os suxeitos pasivos que adquiren un vehículo ou que o reformen de maneira que altere a súa clasificación para os efectos deste imposto deberán presentar nos lugares que determine a Deputación Provincial da Coruña a declaración-liquidación, no prazo de trinta días contados dende a data de compra ou reforma. Deberán presentar a documentación acreditativa da compra ou modificación, o certificado das características técnicas e o NIF ou o Código de Identificación Fiscal (CIF).*
- 3. O suxeito pasivo ingresará o importe da cota do imposto. A liquidación terá a consideración de provisional ata que a oficina xestora comprobe que se aplicaron correctamente as normas reguladoras do imposto.*
- 4. As xefaturas provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes de baixa ou de transferencia de vehículos ata acreditar o pago do imposto.*
- 5. O pago do imposto realizarase no primeiro trimestre de cada exercicio no caso dos vehículos que estean matriculados e aptos para circular.*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O prazo do pago do imposto ou da liquidación complementaria será de trinta días contados a partir do seguinte ao da matrícula ou modificación, no caso de primeira matriculación ou de modificación.

6. Anualmente formarase un padrón que recollerá os contribuíntes afectados e as cotas que

correspondan. O Concello publicará un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e edictos relativo á aprobación provisional do padrón para que as persoas interesadas presenten reclamacións no prazo de quince días.

7. O Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o padrón despois da exposición pública.

8. As cotas liquidadas e non satisfeitas no período voluntario faranse efectivas pola vía de constrinximento, de conformidade coas normas do Regulamento xeral de recadación.

Artigo 8. Partidas erradas

Consideraranse partidas erradas ou créditos incobrables as cotas que no se fagan efectivas polo procedemento de constrinximento. Formalizarase o correspondente expediente de acordo co Regulamento xeral de recadación.

Artigo 9. Infraccións e sancións

A cualificación da infraccións tributarias e das sancións que correspondan será conforme ao que dispoñen os artigos 77 e seguintes do RDL 2/2002, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, e a Lei xeral tributaria.

Disposición final.

Esta modificación publicarase no BOP da Coruña, entrará en vigor o 01.01.2024 e permanecerá en vigor ata que sexa modificada ou derogada.

Segundo: Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como os textos completos das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2004, poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos provisionais quedarán definitivamente aprobados.

Terceiro: Publicar no Boletín Oficial de Provincia o acordo definitivo que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

O ALCALDE>>

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente abre o debate.

O voceiro do grupo municipal AxP di que está de acordo coas modificacións e vai votar a favor.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE di que os membros do seu grupo se van abster, non se opoñen ás modificacións se ben consideran que o prioritario é poñerse ao día cos provedores. Non houbo máis debate.

O presidente somete a proposta a votación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por seis votos a favor (seis: tres do PP, 2 do PG e 1 de

AxP) e catro abstencións (catro: 3 do PSdeG-PSOE e 1 de APIN-ESCO).

1.3 Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 3 reguladora do Imposto sobre as construcións, as instalacións e as obras

A secretaria le a proposta e o interventor explica que a Lei de facendas locais permite dous tipos de bonificacións: unhas que son obrigatorias e outras que son potestativas, de decisión de cada concello aplicalas ou non, Di que neste caso se trata dunha bonificación de carácter potestativo que non estaba recollida e que se modifica a ordenanza para incluíla, que é unha bonificación do

95% para as construcións que teñan carácter social e será o Pleno o que decida.

<< PROPOSTA O PLENO

Iniciado o expediente de modificación da ordenanza fiscal núm. 3, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras , e unha vez emitidos os pertinentes informes técnicos dáse traslado do mesmo ó Pleno, para a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: A modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal núm. 3, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obra quedando ca seguinte redacción:

“ARTIGO 5.º.-BASE IMPOÑIBLE.

1. A base imponible do imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, o custe de execución material de aquela no que non se incluírán polo tanto os gastos xerais, o beneficio industrial, os honorarios de redacción de proxecto, o imposto sobre o valor engadido, os impostos análogos propios de réximes especiais, taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coa construción, instalación ou obra.

2. Sen prexuízo do anterior establececese o seguinte réxime de bonificacións:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

a) *As bonificacións establecidas neste artigo son de natureza regrada e teñen carácter rogado, debendo ser solicitadas expresamente polo suxeito pasivo ante este Concello, no mesmo momento de achegar a documentación necesaria para a obtención da correspondente licenza.*

b) *Establécese a seguinte bonificación:*

Construcións, instalacións ou obras necesarias para a instalación dunha nova actividade comercial, industrial ou fabril no local onde sexan necesarias a realización das citadas obras ou á implantación de empresas no Polígono Industrial de Ponteceso que soliciten a licenza de construción instalación ou obra ou comunicación previa: 95%.

Tamén se verán beneficiados desta bonificación todas aquelas actividades que xa estando instaladas en outras zonas do municipio realicen un cambio de domicilio fiscal para o citado polígono sempre que se cumpra o requisito de creación de novos postos de traballo.

c) *Terán dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento na cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará de acordo cos seguintes tramos:*

- *Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- *Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
- *Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación no momento da solicitude de licenza ou presentación da declaración responsable ou comunicación previa, achegando un compromiso do número dos novos postos de traballo que se vaian crear.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada ante os servizos urbanísticos no prazo máximo de 1 mes dende o outorgamento da licenza de primeira ocupación coa presentación dos contratos de traballo e as altas na seguridade social dos novos postos de traballo creados. No caso de comunicación previa ou declaración responsable, este prazo computarase dende a data que o beneficiario sinala como de finalización das obras na súa declaración ou comunicación. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Corresponde ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento das anteriores bonificacións, que se acordará previa solicitude do interesado, presentada con anterioridade á realización do feito imponible.

d) Establécese unha bonificación de ata o 95 % a favor das construcións,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración.

Para a devandito expediente, que será tramitado previa solicitude do suxeito pasivo, sera preceptivo informe técnico no que sexa analizada previamente tal declaración.

O órgano competente para pronunciarse sobre a declaración será o Pleno da Corporación por voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

Segundo: Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completos da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2004, poderán examinalo expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos provisionais quedarán definitivamente aprobados, de non ser así se procedera previamente a resolver as reclamacións e adoptar acordo definitivo.

Terceiro: Publicar no Boletín Oficial de Provincia o acordo definitivo.

Cuarto: A modificación será efectiva dende o día seguinte a publicación definitiva do acordo. Pontevedra, O alcalde / D. José Manuel Mato Martínez 7 ***(asinado dixitalmente)***>>>
O presidente abre o debate.

O voceiro de APIN-ESCO di que vai votar en contra porque hai xa uns cuantos anos que están pedindo unha rebaixa no ICIO. Di que todos os concellos próximos aplican o 2% ou o 2,5% e non chegan ao máximo posible que é o 4%. Di que hai un plan de axuste que hai que cumprir pero se está incumprindo e que baixar o ICIO non é unha perda importante de ingresos e si é unha boa axuda para quen queira construír.

A concelleira do BNG, ausente nos dous puntos anteriores, pide permiso para leer o argumnetario respecto da ordenanza sobre o IVTM, e o Alcalde accede. Indica a voceira que esta ordenanza apunta a criterios medioambientais e que tal vez se debían ter en contra criterios sociais porque as familias que teñen un vehículo de entre 25 e 40 anos non cambian o vehículo porque non teñen posibilidade de facelo. Considera que o prexuízo social é maior que o resultado da recadación. Di que presentará alegacións no prazo de exposición pública.

Polo que respecta á Ordenanza sobre o ICIO di que lle sorprende a bonificación ás asociacións cando o equipo de Goberno non toma decisións políticas para convocar as subvencións de competencia competitiva este ano.

O voceiro de Adiante por Pontevedra di que esta foi unha proposta do seu grupo e que o feito de que a unha asociación non se lle aplique a bonificación pode supor que non poida facer obras e que o importe correspondente á bonificación pode destinalo a impartir cursos, actividades, etc.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que o seu grupo vai votar a favor se ben considera que o



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

prioritario é o pago aos provedores. Di que o seu grupo vai votar a favor porque esta bonificación vai na liña das bonificacións a asociacións creadoras de emprego que se aprobaron na lexislatura pasada.

Non hai máis debate.

O presidente somete a proposta a votación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por dez votos a favor (dez: catro do PP, 3 do PSdeG- PSOE, 2 do PG e 1 de AxP) 1 abstención do BNG e 1 voto de APIN-ESCO en contra.

1.4 Aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos acaroados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública

A secretaria le a proposta e o interventor explica que esta ordenanza serve para poñer en valor o dominio público e que a Xurisprudencia di que as os concellos si poden cobrarlles ás entidades bancarias por ocupar terreo de dominio público con caixeiros porque conseguen un rendemento ostensible durante por estar operativos durante as 24 horas do día. Recadaríanse 17 euros mensuais, é dicir, 200 euros ao ano.

<< ASUNTO: **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL. DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ENCOSTADOS ÓS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA**
Expediente: 2023/X999/000369

PROPOSTA O PLENO

Iniciado o expediente de aprobación, dáse traslado do mesmo ó Pleno, para a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Establecer como novo feito impoñible o cobro por uso de dominio público no caso de caixeiros automáticos e elementos análogos encostados a edificios con acceso directo a vía pública.

Segundo: A aprobación da ordenanza reguladora da taxa por aproveitamento especial de dominio público local con caixeiros automáticos e elementos análogos encostados a edificios con acceso directo a vía pública que entrara en vigor tras as pertinentes publicacións, e manteríase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa. O texto da ordenanza será o seguinte:

“ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, e outros análogos, achegados ós edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros sitos en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza:

1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito impoñible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.

2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.

3) Os beneficiarios dun aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.

ARTIGO 4º. TARIFAS.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será por unidade de caixeiro automático ó ano de 200 € e por máquina expendedora ó ano de 60 €.

Establécese a obriga, a efectos de practicar a correspondente liquidación, de declarar



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*perante a Administración tributaria a instalación e a desinstalación do caixeiro. ARTIGO 5º.
OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.*

A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace no momento de obter a preceptiva autorización ou ó comezar o aproveitamento especial, coa instalación do correspondente caixeiro. No caso de caixeiros xa instalados no momento aprobación de esta ordenanza a obriga nacera no momento de publicación da mesma, A preceptiva autorización deberá obterse da Administración municipal previamente ó exercicio do aproveitamento. Para os caixeiros exteriores xa existentes e que contén coa licenza municipal, comezarán a aboar a tarifa dende a entrada en vigor desta ordenanza.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

- 1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna autorización. En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.*
- 2. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.*

ARTIGO 7.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

- O período impositivo coincidirá co ano natural e a taxa comezará a devengarse o primeiro día do ano, sendo as súas cotas non reducibles. Non obstante, cando o inicio ou cese do aproveitamento se leve a cabo unha vez iniciado o período impositivo, procederase ao rateo da tarifa en función dos trimestres naturais incluído aquel en que se produce o inicio ou cese.*
- A liquidación da taxa realizarase mediante padróns anuais, excepto no caso de inicio de actividade que se xestionará en réxime de autoliquidación.*

ARTIGO 8.- PAGO DA TAXA.

- No caso de novos aproveitamentos o pago realizarase mediante autoliquidación e ingreso nas contas correntes restrinxidas e operativas municipais antes de retirala correspondente licenza no modelo que a tal efecto aprobe o órgano competente. Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, quedando sometida a autoliquidación ao réxime de comprobación previsto no artigo 120.2. da Lei 58/2003, do 17 de decembro Xeral Tributaria e no artigo 126 e seguintes do Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

aplicación dos tributos.

- Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anualidade consonte ao Regulamento Xeral de Recadación, no primeiro semestre do ano natural e nas datas de ingreso en período voluntario que se determinen pola Presidencia no calendario fiscal.*
- Os contribuíntes incorporados no padrón fiscal poderán realizar o ingreso anual da taxa mediante domiciliación bancaria, a través dos modelos normalizados de declaración de conta corrente que teña establecidos esta Entidade local.*

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, e preceptos concordantes da Lei Xeral Tributaria e da Lei Xeral Orzamentaria.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A tenor do disposto no artigo 5º, para os aproveitamentos existentes no momento da entrada en vigor desta Ordenanza, o pago realizarase mediante a incorporación de oficio no primeiro padrón anual que se liquide dos obrigados ao pago, con aplicación do establecido no artigo 7º en canto ao rateo da tarifa en función dos trimestres naturais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Terceiro: Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como os textos completos das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2004, poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos provisionais quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no Boletín Oficial de Provincia o acordo definitivo que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)
O ALCALDE>>

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente abre o debate.

O voceiro de APIN-ESCO di que está de acordo co que dixo a voceira do BNG na comisión informativa de que se están facendo as cousas bastante mal para estar no sitio no que se está, nun concello rural que precisa que non se pechen oficinas. Considera que é máis importante darlles servizo aos veciños.

A voceira do BNG di que abonda co que dixo na comisión informativa e hai que ter en conta o contexto social e demográfico antes de aplicar normas, que por moito que tecnicamente sexa posibles cobrarlle e que parece que 200 euros ao ano non é nada pero estáselle expoñendo á sociedade a quedar sen servizos. Di que a aplicación da ordenanza suporía o ingreso de 780 euros ao ano e di que ten a dúbida de se se lles vai cobrar ás farmacias polo portelo de atención

ás urxencias e pregunta polo impacto social que suporía retirar as máquinas expendedoras.

Pregunta se coa aprobación desta ordenanza se están poñendo sobre a mesa os valores conservadores do Goberno. Di que os orzamentos inflados do 2020 recollían ingresos de 7 millóns pero que os ingresos reais son de 5 millóns polo que 780 euros ao ano nun orzamento de 5 millóns supón o 0,00156%. Tamén di que a Xunta de Galicia aprobou no 2021 pagar 3 millóns aos bancos para que instalasen caixeiros, polo que non ten sentido aprobar esta ordenanza, polo que o seu voto vai ser en contra.

O voceiro de AxP di que comparte o que di o informe de Intervención e que os bancos teñen que pagar taxas igual que calquera veciño cando ocupa terreo de dominio público. Considera que é pouco o que van pagar os bancos por esta taxa.

O voceiro do PG di que o seu grupo está a favor, pero que cre que se debe especificar o tema das farmacias porque é distinta casuística que o dos bancos.

O voceiro do PSdeG-PSOE considera imprudente aprobar esta ordenanza sen un diálogo previo co contorno socioeconómico e que o peche de oficinas bancarias é un problema real. Abanca é a entidade elixida para xestionar as tarxetas de autobús e en Ponteceso non se poden facer as tarxetas, polo que habería que preocuparse de ter un diálogo coas entidades bancarias. Di que o seu grupo non entende o termo "análogo" neste contexto e que non se fían do PP, que aproba normas de vender favores. Di que o seu grupo non pode aprobar a ordenanza con este articulado e propón deixar este punto sobre a mesa, máis aínda cando en Ponteceso hai unha ordenanza aprobada que exime ás cafeterías de pagar por ocupar terreo de dominio público.

O alcalde diríxese ao voceiro de APIN-ESCO e lémbrale que como presidente da Asociación Cultural Río Anllóns se beneficiou dunha bonificación do ICIO e que agora pretende negarlle unha rebaixa ás asociacións porque considera que a rebaixa no ICIO debe ser para todo o mundo. Di que solo levan 100 días gobernando e que entende que non entende a referencia que fai ao incumprimento do plan de axuste.

O voceiro de APIN-ESCO di que el non foi beneficiario de nada e que o plan de axuste consiste en que o Goberno central vixía ao Concello desde o 2021 para que se cumpran unha serie de normas, entre elas a de non baixar impostos a no ser que se reformara ese plan de axuste, polo que non é tanto esforzo a rebaixa do ICIO ao 2%.

O alcalde contéstalle que hai unha asociación que vai construír unha obra de 101 mil



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

euros e que o Goberno non ten unha máquina trituradora que vaia triturando ordenanzas á velocidade que esixe a oposición e que a primeira que o Goberno pretende modificar é esta para axudar a unha asociación que vai realizar unha obra nos próximos meses.

O voceiro de APIN-ESCO di que descoñecía que houbera unha asociación que vai realizar obras e que pretendía que se aprobase unha rebaixa do ICIO.

O alcalde contéstalle que toma nota e que o Goberno vai intentar rebaixar o IBI se é posible segundo os informes de Intervención.

O alcalde diríxese á voceira do BNG para dicirlle que o Goberno está intentando atender ao medio ambiente, que neste caso Intervención suxeriu unha modificación e que o Goberno está de acordo. Di que este Goberno é o primeiro en moitos anos que está mirando polo medio ambiente.

A voceira do BNG di que a ordenanza 3 fala de medidas a favor do medio ambiente e que ela dixo que tamén é necesario ter en conta medidas sociais e que non ten sentido se a recadación é paupérrima e se lle está causando un prexuízo ás familias que precisan un vehículo vello para ir mercar ou ao médico. Di que esta ordenanza de imposto aos caixeiros non a ten aprobada ningún concello da volta.

O alcalde dille que A Laracha si a ten aprobada.

O alcalde contéstalles aos membros do grupos PSdeG-PSOE que hoxe pediron a Intervención outro informe da débeda e Tesourería informa que hai 958.000 euros de débeda do ano 2023, facturas non pagadas do 2023 que o Goberno está empezando a pagar pero que esa débeda non a xerou o PP, que cada gasto que o Goberno realiza ten antes a retención de crédito como é oportuno. Dille que lle fala de caciquismo do PP e lémbrralle ao voceiro do PSdeG-PSOE que gobernou 8 anos e que non lle fale de caciquismo.

O voceiro do PSdeG-PSOE dille que o seu grupo agradece que se leven ás sesións plenarias as facturas con modificativos de crédito e que os autónomos cobren. Tamén di que fixo referencia ao caciquismo para que aclarase a formulación de "caixeiros automáticos ou análogos", para saber se os pequenos comercios de Ponteceso teñen que pagar ou non, se se lle cobra ou non segundo lle vende o favor ou non. Di que no Concello de Ponteceso tal e como está redactada a normativa do IVTM hai persoas que teñen persoas con minusvalía na casa que están encontrando dificultades para que lle bonifiquen ese imposto.

Toma a palabra o interventor e di que se se compara a ordenanza antiga coa nova no único que se diferencian é en que na nova se simplifica o acceso das persoas con diversidade funcional á bonificación e se lles facilitan os trámites.

O alcalde diríxese de novo ao voceiro do PSdeG-PSOE para dicirlle que pode preguntar que pagos e que contratos e como os fixo o equipo de Goberno. Lémbrralle que deixou en precario os servizos de augas, recollida de lixo e que o novo equipo de Goberno se encontrou co SAF a punto de vencer. Di que o caciquismo é propio doutros gobernos e non do que agora mesmo goberna Ponteceso.

O voceiro do PSdeG-PSOE agradece a intervención do Interventor e pide se que poña en práctica esa bonificación porque é un tema que preocupa moito a persoas que teñen na casa persoas dependentes.

A concelleira do BNG di que a intención coa súa intervención no punto da modificación do



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

IVTM era achegar que se debería ter en conta a consideración social e porque lle parece necesario deixar de considerar como históricos os vehículos de máis de 40 anos pero non lle parece axeitado que os vehículos entre 25 e 40 anos estando no rural deixen de pagar pola cuestión medioambiental e que pola cuestión social deberían seguir coa bonificación.

O alcalde respóndelle que deber ter coidado coas afirmacións que fai porque o Goberno non está inventando.

O interventor di que hai concellos na contorna similares a Ponteceso que si que aplican esta ordenanza.

O alcalde di que o Goberno cre que é algo que hai que regular.

Non hai máis debate

O presidente somete a proposta a votación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por sete votos a favor (sete: 4 do PP, 2 do PG e 1 de AxP)

e cinco votos en contra (cinco: 3 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

1.5 POS+AD2b – Gasto corrente 2023

A secretaria le a proposta

“PROPOSTA

Vista a circular emitida pola Deputación Provincial da Coruña sobre a elaboración do
POS+ADICIONAL 2/2023

Visto o informe do interventor municipal emitido ao respecto en data 19/09/2023. Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do acordo seguinte:

“1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2023**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	445.150,79

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado	Total	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa)	Total concello	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións q ue non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023	Deputación	Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
2ª FASE					
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Complementario ao POS+ 2023	445.150,79				445.150,79
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023					



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Investimentos incluídos Complementario ao POS+	novos no	non Plan		
			445.150,7	445.150,79
TOTAL				

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Ponteceso, 19 de setembro de 2023>>

O presidente abre o debate.

O alcalde cédelle a palabra ao interventor, que explica que a deputación foi aprobando plans anuais que financiaban obras, logo ampliou o obxecto a gasto corrente e a través do POS+ produto do remanente da deputación que subvenciona obras ou gasto corrente. Este concello ten prorrogado o orzamento de 2020, ese orzamento ten superávit o que quere dicir que os gastos son moito menores que os ingresos e decídese dedicar o POS+ a servizos básicos para poder atender a todos os provedores con facturas pendetes este ano. Explica as facturas: 64.150,18 € van destinados ás EDAR de Corme e Pazos, 117.000,00 ao contrato da recollida do lixo, 169.000,00 € ao consumo da iluminación pública e 113.505,00 a SOGAMA.

O voceiro de APIN-ESCO di que houbo un pleno extraordinario POS+ que falaba de que era necesario aprobar ese POS adicional para que se puidesen cobrar os atrasos nas nóminas e falar cos empregados para cobrar os atrasos a principios de ano. Di que hoxe saíu o IPC de setembro e é necesario pagar os atrasos. Le unha noticia que di que o ano pasado saíu no BOE que o prazo para pagar os atrasos era ata o mes de marzo.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Pregunta por que se pasou de aprobar na sesión anterior o pago dos atrasos co POS + e agora nin siquera aparecen os atrasos.

O interventor explica que moitas das partidas do orzamento estaban esgotadas e cando imputas unha factura hai que facelo ao orzamento, se non hai partida a factura queda no caixón e contabilízase na conta 413 (acreedores pendentes de contabilizar). Para aumentar un orzamento hai que aumentar ingresos, facer transferencia de créditos entre partidas ou destinar o remanente líquido de Tesourería para gastos xerais. O remanente resulta de restarlle ao que hai nos bancos o que se debe e sumar o que deben. Se hai exceso de financiación en dous millón, pódese incrementar o orzamento en dous millóns para seguir imputando facturas. Había un remanente de dous millóns e algo e utilizouse todo porque había moitas obrigas pagadas e non imputadas ao orzamento, principalmente préstamos e un crédito ICO. Tamén había que pagar facturas do exercicio anterior porque non había partida sen pagar. Ademais, ao ver como evolucionaba o gasto para 2023 había que dotar algunhas partidas para acabar o ano. O POS+ é unha nova fonte de financiamento que permite non ter que gastar todo o remanente e gardar unha pequena cantidade para o incremento da nómina dos funcionarios nun 0,5 %. É dicir, a nova fonte de financiamento destínase a servizos públicos básicos. Ademais, o orzamento de 2020 non reflicte os aumentos salariais do 2021, 2022 e 2023, polo que esta subvención da deputación vai permitir actualizar salarios e posiblemente permita non deixar nada dos servizos básicos na partida 413.

A voceira do BNG pregunta ao interventor se as cifras que dixo son as que reflicte a proposta. O interventor di que si, que son factura por eses catro conceptos.

A voceira do BNG di que neste Concello case houbo unha guerra por dedicar a gasto corrente o POS en vez de dedícalo a obras. Di que cando o POS se dedica a gasto corrente se trasladan esas contías a investimento e obras e aquí xa se deixou o necesario para a subida salarial. Di que é consciente da realidade económica do Concello e di que os membros dun partido a tratan a ela e ao seu compañeiro de APIN de burros por non querer pagar as subidas ao funcionariado, polo que quere aclarar que esa sesión plenaria celebrada o 14 de setembro, xa estaba convocada dende o 25 de agosto para o 14 de setembro pola tarde a CEC, cando normalmente as sesións da Comisión Especial de Contas son pola mañá e iso supón obrigarlles aos funcionarios a vir pola tarde polo que non se pode dicir que a sesión foi pola tarde porque un grupo pediu unha sesión extraordinaria que, ademais, debeu rexeitarse porque non tiña nin pés nin cabeza. Di que ninguén diga que por culpa desa solicitude o Concello malgasta os cartos.

O voceiro de AxP di que non lle gusta a proposta pero que vai botar a favor pola desastrosa situación económica que deixou o do voceiro do PSdeG-PSOE porque é necesario pagar os servizos básicos como é a iluminación pública ou a recollida do lixo.

O voceiro do PG di que non lles gusta que a subvención de destine a gasto corrente, pero neste caso especifícase a que se destina a subvención claramente e por iso van votar a favor.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que a partir deste momento se vai falar do que lle importa aos vecinos de Ponteceso porque chegan 450.000 € da deputación e o seu grupo vai dicir as necesidades que ten este concello para meter eses cartos en obras, como por exemplo en Limiñoa, Cores, Langueirón, dúas vivendas de protección social...



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Durante cinco minutos de intervención, o voceiro do PSdeG-PSOE refere obras en distintas zonas do termo municipal que considera necesarias.

O alcade dille ao voceiro do PSdeG-PSOE que foi el quen gobernou durante 8 anos e que non pode pretender que o novo Goberno leve a cabo as obras que o voceiro do partido socialista recolleu en oito folios e menos coa débeda que deixou. Dille que prometeu facer unha oposición construtiva e esixir todo o que puxo nesas oito follas non é facer unha oposición construtiva. Dille ao voceiro do partido socialista que deixou as instalacións municipais en mal estado, como deixaron as pistas municipais que agora esixe que se reparen. Dille que acusou ao novo Goberno de non levar a cabo a obra do Campo da Feira e que non empezaron a obra por respecto á asociación da comisión de festas do Pilar e porque desde a empresa López Cao lles dixeron que hai que dotar o proxecto de máis diñeiro porque é de alto risco. Dille ao exalcalde que xa sabe isto porque desde a empresa López Cao xa lle tiñan comunicado e por iso as obras non empezaron cando el gobernaba.

O voceiro do PSdeG-PSOE dille que non vai contestar á intervención do alcalde, que a herdanza recibida dura o que dura, que lle quedaron 2,7 millóns na conta e que cando el entrou a gobernar non había 2,7 millóns na conta nin había remanente. Di que Pontevedra leva 6 anos con superávit, que o ano pasado se gastaron 5 millóns e se ingresaron 6 e que os únicos cartos que se perderon en Pontevedra foi polo PP e pola concelleira Raquel Fondo porque rexeitaron o POS. Di que el vai seguir dando ideas de obras para realizar. Relaciona unha serie de obras en Tella, Anllóns, A Graña, un parque público para Pontevedra, etc.

O voceiro do PG dille ao voceiro do PSdeG-PSOE que a que agora é membro do seu grupo non apoiou o POS porque non especificaba a que ía destinado o remanente e non falou con ninguén para decidir as obras que ía incluír nese POS, que é imposible facer a relación de obras en tres meses e con 445.000 euros e que toda esa herdanza é pola súa xestión.

O voceiro de APIN-ESCO dille ao voceiro do PSdeG-PSOE que viu publicado hoxe “estamos limitados por un regulamento desfasado que nos delimita o control do goberno e non imos calar”. Dille que ese regulamento o botou fóra a oposición e que el gastou os cartos recorréndoo para que volvесе a estar en vigor ese regulamento que agora critica. Dille ao equipo de goberno que non entende que haxa cartos nas partidas e non se lles pague aos provedores, que están facendo o mesmo que fixo o anterior goberno. Di que en xaneiro o Goberno volverá dicir como dicía o sr Carballido que hai superávit pero os veciños están sen servizos.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que non pode perder o pouco tempo que ten para intervir en defender a xestión do anterior Goberno. Di que o Goberno ten 445 mil euros que vai destinar a gasto corrente e non a obras e que se podían aprobar obras en Corme e Corme Aldea que son urxentes. Fala de obras necesarias en Xornes e de que o concelleiro de AxP non debería apoiar que se destinen eses 445 mil euros a gasto corrente. Explica que a deputación só esixe dedicar os cartos a proxectos financeiramente sostible e pódense dedicar os cartos a calquera obra e da varios exemplos como parque en Corme Porto, Rúa dos Conces, un bo acceso no Roncudo...

O voceiro de AxP di que prefire que vaian os cartos a gasto corrente antes de que non recollan o lixo ou non haxa iluminación, que vaian a gasto corrente e que se gasten en



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

servizos básicos obrigatorios.

A voceira do BNG di que malia a todas as consideracións que fixo vai votar a favor porque a situación non permite que sexa doutro xeito. Di que o PSdeG-PSOE deixou todo sen facer pero que lle queda a dúbida de cal é o proxecto do equipo de Goberno, pídelles que faga partícipe á oposición do proxecto.

O alcalde resposta que non está limitado o tempo para intervir e que o PSdeG-PSOE falou 11 minutos. Explica que a semana pasada estiveron en Ponteceso técnicos de Augas de Galicia e que lles preguntou sobre a posibilidade de habilitar un campo para os nenos na zona onde se vai construír un aparcadoiro e os técnicos dixeron que non é posible botar terra nese espazo. Di que, ante a estrañeza lle preguntou como é que si permitiron construír un parque infantil ao lado do paseo fluvial e os técnicos respondéronlle que non hai permiso para construír. Dille ao voceiro do PSdeG-PSOE se sabe que a obra do parque infantil non ten autorización nin hai retención de crédito nin proxecto e que lle está dicindo á xerencia da empresa construtora Arce que estea tranquila que vai cobrar.

O voceiro do PSdeG-PSOE preguntalle se o quere pechar.

O alcalde dille que non, que non está en contra do parque e mesmo este Goberno lle pediu a conselleira de Augas de Galicia axuda para construír un parque pero dentro das normas de Augas de Galicia e dentro da legalidade, non un parque improvisado.

Di o alcalde que o interventor acaba de dicir nesta sesión "gastos superior a ingresos" e que o Sr Carballedo di cada día unha cifra distinta no que respecta ao remanente de Tesourería e convídaos a el e á exconcelleira Varela Suárez a ir á Alcaldía ver as facturas pendentes de pago.

O alcalde dille ao voceiro de APIN-ESCO que el non lle chamou nunca nin bobiño nin pobriño e que o respectou sempre, que os modificativos de crédito aprobáronse nunha data e saíron publicados no Boletín Oficial da Provincia o 20 de setembro e hoxe é 28.

O voceiro de APIN-ESCO di que os modificativos se aprobaron na sesión plenaria do 10 de agosto e que non sabe se por que a deputación tardou tanto en publicar o anuncio. Di que o prazo de exposición pública é de 15 días e que non lle dan as contas.

O alcalde dille que usan esa escusa para dicir que non queren pagarlles aos provedores.

O concelleiro de APIN-ESCO alega que non dixo iso senón que dixo que a ver se se acabada dunha vez co tema do pago aos provedores.

O alcalde contéstalle que o grupo de Goberno é o máis interesado en pagar.

O voceiro de APIN-ESCO preguntalle ao alcalde se non o respectou nalgún momento e o alcalde dille que no momento da negociación para chegar ao goberno quedaron nunha primeira reunión en volver falar e non atendeu a chamada, que non houbo respecto por parte del.

O voceiro de APIN-ESCO di que non sabe a que vén iso agora, que chegou á primeira reunión e que había un grupo de persoas mentres el ía solo e que a única proposta que lle fixeron foi a de intentar comprar o edificio destinado a sede da asociación cultural río Anllóns e que el non quixo ningunha outra reunión.

O voceiro de AxP rógalle ao presidente que reconduza a sesión.

Non hai máis debate.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente somete a proposta a votación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por oito votos a favor (oito: 4 do PP, 2 do PG, 1 de AXP e 1 do BNG) e catro abstencións (catro: 3 do PSdeG-PSOE e 1 de APIN-ESCO)

1.6 Proposta de creación da Comisión Informativa de transparencia e bo goberno e da Comisión Informativa de urbanismo, obras e medio ambiente

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DE ALCALDÍA

Celebradas as eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 28 de maio de 2023, e constituída a nova Corporación con data 17 de xuño de 2023, resulta necesario proceder, de acordo ca lexislación vixente e co Regulamento Orgánico Municipal (artigos 60 a 63), á creación e composición das Comisións Informativas permanentes.

Tendo en conta que de conformidade co disposto pola normativa autonómica, constituída pola Lei

5/1997, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia, en concordancia cos artigos 134 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en adiante ROF), corresponde ó Pleno de cada Corporación determinar o número e denominación destas Comisións Informativas de estudo e dictame, tanto cando nacen con vocación de permanencia por obedecer á estrutura do ámbito competencial do Concello, como cando nacen con carácter temporal co obxecto de tratar de temas específicos.

Tendo en conta que de conformidade co precepto citado, estas Comisións deberán estar integradas polos membros que designen os diferentes Grupos Políticos que forman parte da Corporación, en proporción á súa representatividade neste Concello.

Tendo en conta os escritos presentados polo voceiro de Adiante por Ponteceso Roberto

Alexandre Andrade de Santiago o 24.08.2023 nos que solicita a creación dunha **Comisión informativa de Transparencia e bo goberno**, dado que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política, así como unha **Comisión informativa de urbanismo, obras e medio ambiente teno como** obxectivo conseguir un Concello sostible e cohesionado, en termos de infraestruras, servizos e medio ambiente

Esta Alcaldía, tendo en conta que pretende garantir esa transparencia como xa se puxo de

manifesto con certas actuacións como foi a hora de determinar a composicións das mesas de contratación e de conformidade coa lexislación autonómica antes mencionada, en concordancia cos artigos 123 e seguintes do ROF, en todo aquilo que



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

non se opoña, contradiga ou resulte incompatible cas normas anteriores, propón ó Pleno do Concello a adopción dos seguintes

Acordos

Primeiro: Crear dúas comisión informativas de carácter permanente:

- Comisión informativa de Transparencia e bo goberno
- Comisión informativa de urbanismo, obras e medio ambiente

A súa composición será a seguinte en aplicación do voto ponderado:

- O Alcalde (PP) que actuará como presidente, tendo o seu voto o valor de 30,76%
- 1 membros do PSdG PSOE tendo o seu voto o valor do 30,76%
- 1 membro do PG tendo o seu voto o valor de 15,38%
- 1 membro do AXP tendo o seu voto o valor de 7,69
- 1 membro do BNG tendo o seu voto o valor de 7,69%
- 1 membro do APIN- ESCO tendo o seu voto o valor de 7,69%

Segundo:- As funcións destas Comisións Informativas de carácter permanente, serán o o seguimento e control da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostentes delegacións, sen perxuízo das competencias que lle corresponden ao pleno para garantir a transparencia, o acceso á información pública e o bo goberno no que respecta **Comisión informativa de Transparencia e bo goberno** e estudar, planificar, organizar a utilización e transformación do só, ligado as necesidades sociais actuais do noso concello no que respecta a **Comisión Informativa de urbanismo, obras e medio ambiente**.

A efectos de control e seguimento da xestión dos órganos ós que anteriormente se fixo referencia, recoñécese o dereito de tódolos Concelleiros membros das Comisións Informativas de poder consultar, directa e persoalmente, os libros de resolucións e os libros de actas da Xunta de Goberno Local custodiados na Secretaría Xeral da Corporación.

Terceiro:- Estas Comisións, celebrarán reunións de acordo co réxime de sesións establecido polo

Regulamento Orgánico Municipal cas particularidades que, en execución das súas previsións, estableza cada unha das Comisións **na súa sesión constitutiva**, podendo celebrar sesións extraordinarias cando o Presidente o decida, ou cando o solicite a cuarta parte, como mínimo, do seu número legal de membros.

Cuarto:- Comunicar este acordo ós diferentes Grupos Políticos Municipais, facéndolles saber que deberán designar os seus representantes en cada Comisión, notificándoo por escrito ó Secretario Xeral da Corporación no prazo dunha semana a contar dende a adopción do presente acordo, quedando facultado o señor Alcalde para, mediante Decreto, proceder ó seu nomeamento.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Documento asinado electronicamente ao marxe

O Alcalde / José Manuel Mato Martínez>>

O presidente abre o debate.

O voceiro de AxP di que transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Así mesmo Adiante por Ponteceso ten como obxectivo conseguir un Concello sostible e cohesionado, en términos de infraestruras, servizos e medio ambiente. Por iso é necesario a creación dunha comisión informativa permantente sobre urbanismo, obras e medio ambiente que sirva para planificar, organizar , utilizar e transformar o só, ligado as necesidades sociais actuais do noso concello.

O voceiro de APIN-SON di que lle parece moito máis útil e participativo facer unha sesión plenaria para que poida asistir público.

A voceira do BNG di que non lle chegou a redacción que leu o voceiro de AxP, que solo lle chegou unha redacción moi lixeira e non coñece en detalle a descrición da definición das comisións. Di que entende que non son órganos colexiados e a secretaria contéstalle que si. A voceira do BNG di que entón entende que son órganos que teñen unha compensación económica. Di que lle parece boa idea que exista a Comisión de urbanismo e que ten dúbidas da utilidade da Comisión

de transparencia e bo goberno. Considera que esa comisión é como unha xuntanza para tomar café e di que lle vai pedir ao alcalde que non se volvan reunir cada 15 días como viñan facendo porque non teñen sentido se non tratan temas importantes e saíu da última reunión sen que o alcalde lle contase a que ía ser destinado o POS adicional e que recibiu a documentación da sesión plenaria cando xa estaba decidido cal era o destino, que debe considerar que non lle vai aportar nada interesante porque non a fai partícipe. Considera que se pretende sacar o debate político do pleno que é onde debe darse e onde toda a veciñanza ten dereito a acudir e que podería levar a pensar que se tenta coartar a participación cidadá e opina que é mellor convocar sesións plenarias cada mes. Di que asistirá a esa comisión pero vixiante para ver se se pretende sacar o debate político das sesións plenarias.

O voceiro de AxP di que a Comisión de transparencia ten o sentido de que os concelleiros se senten a dialogar polo menos unha vez ao mes para chegar a acordos.

O voceiro do grupo socialista di que se vai abster e volve a pedir que se dediquen os 445 mil euros a obras. Segue numerando obras que considera necesarias (arranxo de Nemeño ate Niñóns, a carretera que vai de Brantuas ate Santa Mariña..etc) Pregunta polas obras que iniciou o Goberno local nos 100 días que leva gobernando.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O alcalde respóndelle que non vai publicar nada que non teña conseguido e non vai mentir. Di que o concelleiro de obras vai todos os días ver a obra de Langueirón, Pregúntalle ao sr Carballido se sabe como está a contratación desa obra e dille que houbo que paralizar o pago da primeira certificación porque o proxecto non recollía as acometidas, pararon a obra e solicitáronlle á empresa que deixara as acometidas preparadas. Di que as marquesiñas dan pena e que os veciños de Tallo van ter dúas marquesiñas e os de Corme outras dúas e di que nos próximos días se vai instalar unha en Limiñoa. O Goberno anunciará nada das marquesiñas ata que estean postas, non imos anunciar que imos colocar marquesiñas seis meses antes de colocalas.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que na Bugalleira debería parar o autobús na vía de servizo e non solo poñer a marquesiña.

A voceira do BNG di que están falando durante moito tempo de cousas que non están na orde do día. Pregunta se está recollido no Regulamento orgánico municipal que o presidente poida chamar á orde se non se está falando de algo que non cabe dentro do punto que se está tratando.

A secretaria, co permiso de Alcaldía, dille que o presidente pode pedir que quen estea falando se centre no punto.

A voceira do BNG pídelle ao alcalde que faga uso diso para non entrar en debates que non tocan nese momento.

Non hai máis debate.

O presidente somete a proposta a votación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por sete votos a favor (sete: 4 do PP, 2 do PG e 1 de AxP)

tres en contra do PSdeG-PSE e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

1.7 Proposta para o establecemento do sistema de videoactas e gravación das sesións plenarias

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

APROBACIÓN SO SISTEMA DA VIDEOACTA E GRABACIÓNS DAS SESIÓNS PLENARIAS.

O 27 de marzo de 2023 aprobouse inicialmente a ordenanza de administración electrónica, que e publicou no BOP da Coruña número 66 o 5.04.2023. Exposta ao público polo prazo de 30 días hábiles, non téndose presentada ningunha alegación no prazo indicado, o acordo de aprobación ata entón provisional, enténdese definitivamente adoptado, ao abeiro do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e foi publicado no BOP da Coruña o 7.07.2023 .

Na disposición adicional primeira establécese o seguinte: “Primeira. Actas audiovisuais

1. Poderán gravarse as sesións que celebren os órganos colexiados do Concello.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2. *Cando se optou pola gravación das sesións celebradas ou pola utilización de documentos en soporte electrónico, deberán conservarse de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso aos mesmos por parte dos membros do órgano Colexiado.*

3. *O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, e cuantos documentos en soporte electrónico utilizánsese como documentos da sesión, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.*

4. *A Acta audiovisual define un documento electrónico e multimedia, composto polo menos polos seguintes elementos:*

- *Documento audiovisual ou vídeo coa gravación de todo o ocorrido na sesión ou reunión. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores e vincúlase no documento electrónico a través da súa pegada electrónica (hash).*

- *Documento electrónico. Contén os seguintes datos: lugar, data e hora da celebración da sesión; a súa indicación do carácter ordinario ou extraordinario; os asistentes e os membros que se escusaron; así como o contido dos acordos alcanzados, no seu caso, e as opinións sintetizadas máis relevantes dos membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións, con expresión do sentido do voto dos membros presentes (acta sucinta). Incluirá a pegada electrónica do documento audiovisual.- O documento electrónico incluirá a firma electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría da sesión que dota de fehaciencia e efectos de Dereito ao documento e certifica a autenticidade e integridade do ficheiro que contén a gravación.*

Esta firma realízase facendo uso do certificado de firma da devandita persoa. No caso dos Plenos o documento electrónico asinarao tamén o seu Presidente.

5. *No non previsto na presente disposición, será de aplicación ás Actas audiovisuais o réxime xurídico vixente das Actas."*

O xestor de expediente do Concello de Pontevedra (TEDEC) ten habilitada a función da videoacta para poder incorporar o arquivo correspondente.

Tendo en conta o anterior, propoño ao pleno da corporación , previo ditame da comisión informativa:

PRIMEIRO. Gravar as sesións plenarias que celebren os órganos Colexiados do Concello, debendo conservarse de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso aos mesmos por parte dos membros do órgano Colexiado.

SEGUNDO. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario/a da autenticidade e integridade do mesmo, e cuntos documentos en soporte electrónico utilizánsese como documentos da sesión, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

TERCEIRO: A Acta audiovisual define un documento electrónico e multimedia,
Pleno Ordinario 28-09-2023



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

composto polo menos polos seguintes elementos:

- Documento audiovisual ou vídeo coa gravación de todo o ocorrido na sesión ou reunión. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores e vincúlase no documento electrónico a través da súa pegada electrónica (hash).
- Documento electrónico. Contén os seguintes datos: lugar, data e hora da celebración da sesión; a súa indicación do carácter ordinario ou extraordinario; os asistentes e os membros que se escusaron; así como o contido dos acordos alcanzados, no seu caso, e as opinións sintetizadas máis relevantes dos membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións, con expresión do sentido do voto dos membros presentes (acta sucinta). Incluirá a pegada electrónica do documento audiovisual.- O documento electrónico incluirá a firma electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría da sesión que dota de fehaciencia e efectos de Dereito ao documento e certifica a autenticidade e integridade do ficheiro que contén a gravación. Esta firma realízase facendo uso do certificado de firma da devandita persoa. No caso dos Plenos o documento electrónico asinarao tamén o seu Presidente.

CUARTO . No non previsto neste acordo , será de aplicación ás Actas audiovisuais o réxime xurídico vixente das Actas.

QUINTO. Publicar no BOP da Coruña a efectos da súa publicidade, ser perxuízo de que o acordo estará en vigor a partir do día seguinte da súa adopción.

Asinado electronicamente

O alcalde Jose/ Manuel Mato Martínez>> O presidente abre o debate.

A voceira do BNG quere saber cal é o custo par ao Concello e di que se vai abster porque ten esa dúbida.

O voceiro de AxP di que valora positivamente a proposta.

O voceiro do PSdeG-PSOE pídelles ao alcalde que aclare cando van poder ver o contido os veciños, se vai poder ser en directo, se vai ser ao día seguinte e de que maneira se vai levar a cabo. Di que a páxina web non se actualiza e que considera que houbo unha caída moi grande no que é a transparencia municipal.

O alcalde di que a imaxe, a difusión das sesións plenarias, comunicación en redes sociais e prensa vai ter un coste mensual de aproximadamente 1.000 euros. Di que ata hai uns días o Goberno non tivo en conta a falta de transparencia porque estivo centrado noutras tarefas e pide desculpas pola falta de comunicación pero non tivo tempo de ocuparse desta contratación nin persoal suficiente para estar facendo durante todo o día a comunicación en tempo real. Cando estea contratada a empresa estará a comunicación como se merece Pontevedra.

A voceira do BNG di que non sabe se o prezo que dou o alcalde se refire solo ás videoactas.

O alcalde respóndelle que o prezo é o global que inclúe as videoactas, paquete de comunicación e imaxe.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que quere engadir que no Perfil do contratante non aparece o procedemento aberto do servizo de comunicación e que considera que



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

as administracións públicas deben contratar por procedemento aberto de forma plurianual os servizos recorrentes e que deben continuar en precario os servizos ata que se liciten por procedemento aberto. Di que os contratos menores son para servizos puntuais e non para servizos permanentes.

O alcalde contéstalle que do pouco que aprendeu nestes tres meses de contratos menores e servizos recorrentes e procedementos abertos ten que dicir que o exgoberno non fixo ningún procedemento aberto. Di que agora si se fai procedemento negociado, que se envían tres invitacións e se está facendo ben o traballo. Di que o anterior goberno non realizaba ningún tipo de procedemento, excepto o SAF e que recollida de lixo, servizo de augas, servizo de iluminación pública van ser contratados en aberto.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que no Perfil de contratante aparecen só catro contratos en aberto: roce dos camiños públicos, o servizo de numeración, o SAF e a dirección de obra e coordinación da obra de iluminación exterior no concello de Ponteceso e afirma que si hai moitos historicamente sen contrato en Ponteceso. Di que o seu grupo vai apoiar a proposta se o Goberno leva os pregos á sesión plenaria e que considera que os contratos menores non son os apropiados para servizos recorrentes.

Non hai máis debate.

O presidente somete a proposta a votación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 2 do PG e 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) tres abstencións do PSdeG-PSOE.

1.8 Proposta para a implantación da hora silenciosa nas festas da Barquiña e do Pilar para que as familias con nenas e nenos con Trastorno do espectro autista, necesidades especiais e discapacidade poidan gozalas en igualdade de oportunidades

O alcalde dálle a palabra ao concelleiro Roberto Alexandre Andrade de Adiante por Ponteceso, para que lea a proposta.

<<Proposición do grupo municipal Adiante por Ponteceso (AxP) ao alcalde de Ponteceso para a implantación da hora silenciosa nas festas da Barquiña e do Pilar para que as familias con nenas e nenos con trastorno do espectro autista, necesidades especiais e discapacidade poidan gozalas en igualdade de oportunidades

Parte expositiva

Primeiro. Adiante por Ponteceso considera necesario e urxente fomentar a inclusión e participación activa das familias con nenas e nenos con trastorno autista, necesidades especiais e discapacidade para que poidan gozar das nosas festas en igualdade de oportunidades.

Segundo. Para iso, propoñemos habilitar polo menos unha hora silenciosa, acompañada dunha redución da intensidade luminosa co fin de evitar a sobreestimulación e alteracións



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

no procesamento de estímulos sensoriais que poden provocar un incremento do estrés e malestar intenso nos nenos.

Terceiro. Diante por Ponteceso considera tamén que é necesario establecer uns límites no nivel do ruído durante todas as festas, xa que uns niveis de ruído tan elevados non son necesarios para gozar as festas.

Diante por Ponteceso, co obxectivo de favorecer a inclusión social e a participación activa das nenas e dos nenos con Trastorno do Espectro de Autismo (TEA), necesidades especiais e discapacidade, propón ao alcalde:

1. Que implante a hora silenciosa nas atraccións das festas da Barquiña e do Pilar.
2. Establecer uns límites no nivel do ruído durante todas as festas.

Ponteceso, 24 de agosto de 2023/ Roberto Andrade/ Voceiro de Diante por Ponteceso (AxP)>> O presidente abre o debate.

A voceira do BNG di que vai votar a favor, que se debería aplicar en todas as parroquias e nas festas que organiza o Concello, como pode ser a Festa das Fabas e que estas propostas se deberían traballar mellor e consensuar con todos os grupos porque con distintas visións e sensibilidades desenvolveranse propostas máis amplas e inclusivas posibles. Di que bota en falta que a medida non inclúa que as barras sexan máis baixas para que as persoas que se desprazan en cadeira de rodas poidan pedir as súas consumicións. Pida que estas medidas se recollan como baremo de puntuación no novo articulado das bases das subvencións en réxime competitivo destinadas ás asociacións.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que lle parece que aprobar propostas con temática diferente e que afectan a unhas festas si e a outras non pode sentar un referente perigoso. Di que a hora silenciosa se está aplicando en moitos concellos pero considera que é un erro mesturar o límite do ruído das verbenas coa hora silenciosa. Di que as comisións de festas o están pasando mal e que o novo alcalde de Ponteceso lles pon problemas para darlles os permisos e que o seu grupo se vai abster, se non se reformula a proposta.

O voceiro de AxP di que, se houbese unha Comisión de transparencia e bo goberno aprobada, se podería debater esta proposta antes de traela á sesión, pero era urxente presentala porque estaban próximas as festas da Barquiña. Presentaron esa proposta a expensas do seguinte punto: que se aprobara unha ordenanza de protección contra a contaminación acústica e nesa ordenanza xa se podería incluír este punto; de non ser así, habería que aprobar unha ordenanza propia.

O alcalde acláralle ao voceiro do PSdeG-PSOE que o persoal do Concello está facendo todo o posible para que as comisións de festas teñan a documentación en regra e que non se discriminou a ninguén pola cor política e que non sabe de ningunha comisión á que o Concello lle puxera trabas.

A voceira do BNG diríxese ao voceiro de AxP e di que el xa dixo en varias ocasións "é tan fácil como que me chamaras antes" o que fai que pareza que todos o teñen que chamar a el pero el non toma a iniciativa de chamar ao resto.

Non hai máis debate.

O presidente somete a proposta a votación.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Pleno do Concello aproba a proposta por sete votos a favor (sete: 4 do PP, 2 do PG e 1 de AxP)
e seis abstencións (seis: 4 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

1.9 Proposta para a aprobación dunha ordenanza de protección contra a contaminación acústica no Concello de Ponteceso

O alcalde dálle a palabra ao concelleiro Roberto Alexandre Andrade de Adiante por Ponteceso, para que lea a proposta.

<<Proposta do grupo municipal Adiante por Ponteceso (AxP) para a aprobación dunha ordenanza de protección contra a contaminación acústica no concello de Ponteceso

O grupo municipal Adiante por Ponteceso (AxP), conforme o previsto no artigo 53 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Ponteceso, desexa elevar a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

Parte expositiva

Primeiro. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, por Decreto 106/2016, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, no artigo 9 "Ordenanzas locais" dispón o seguinte:

1. En cumprimento do disposto polo artigo 6 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, os concellos de Galicia deberán contar cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal no prazo máximo de un ano desde a entrada en vigor deste decreto. A aprobación da devandita ordenanza deberá ser comunicada á consellería competente en materia de medio ambiente.

2. A consellería competente en materia de medio ambiente aprobará, mediante orde, unha proposta de ordenanza de protección contra a contaminación acústica, que poderá ser de aplicación nos concellos que así o acorden a través dos trámites previstos pola lexislación de réxime local.

Segundo. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas por Orde do 26 de novembro de 2018 aprobou a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia, que é un documento de carácter orientativo que permite a súa adopción polos concellos galegos, tanto de forma íntegra como parcial, debendo considerarse en cada caso as modificacións necesarias para adaptalo ás características e necesidades concretas do municipio en cuestión.

Terceiro. Ponteceso, lamentablemente, carece dunha ordenanza de protección contra a contaminación acústica. Por iso, Adiante por Ponteceso, en defensa da protección da saúde e do dereito a gozar dun medio ambiente adecuado ao abeiro dos artigos 43 e 45 da Constitución Española propón ao Pleno de Ponteceso a aprobación dunha ordenanza de protección contra a contaminación acústica necesaria co fin de mellorar a calidade de vida dos seus veciños, xa que os múltiples focos de emisións sonoras inflúen



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

negativamente sobre a vida diaria da cidadanía, polo que o ruído ambiente pasou a ser un elemento perturbador do benestar e calidade de vida.

É por iso que o grupo municipal Adiante por Ponteceso (AxP) somete ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

Que o Concello de Ponteceso proceda, con carácter urgente, a:

1. A adopción dunha ordenanza de protección contra a contaminación acústica.
2. A adopción da Orde do 26 de novembro de 2018 pola que se aproba a proposta da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia, coas modificacións necesarias para adaptala ás necesidades concretas do Concello de Ponteceso.

Ponteceso, 22 de agosto de 2023/ Roberto Andrade/ Voceiro de Adiante por Ponteceso (AxP)>>

1.10 Proposta para a adopción de medidas en defensa do colectivo LGTBI

O alcalde explica que o Goberno acaba de pedirlle un informe sobre o tema á Deputación e que sería conveniente esperar por ese ditame. Di que AxP presentou unha moción cunha serie de medidas entre as que está a do izado das bandeiras, que precisan asesoría xurídica da Deputación.

O voceiro de APIN-ESCO di que lle sorprende moito este tema porque primeiro quen presentou a moción tiña clarísimo que era inconstitucional, que o Tribunal Supremo ditou sentenza e que o Tribunal de Aragón di que non é o mesmo unha bandeira que unha pancarta. Di que non entende como o grupo de Goberno pode votar en contra da urxencia do tema e que se abstiveron na moción sobre a violencia de xénero.

O voceiro de AxP di que naquel momento o seu grupo votou en contra polas dúbidas legais dalgúns puntos da moción que poderían ir en contra da doutrina do Tribunal Supremo e que despois dunha reunión informal coa voceira do BNG entendeu que era necesario solicitar un informe xurídico previo á Deputación que, de ser positivo, votaría a favor.

O voceiro de APIN-ESCO di que o problema é que se presentan dúas mocións e o equipo de

Goberno e o voceiro de AxP non aceptan o debate.

A voceira do BNG di que sigue mantendo discrepancia con AxP porque están aquí para facer un debate político non están aquí como técnicos nin xuristas e, mesmo que exista algún indicio de que haxa un debate, este Pleno ten capacidade de tomar a decisión política e os técnicos despois informarán. Di que aquela sesión plenaria foi un caos, sobre todo na parte das mocións, e que por iso os voceiros do PG non lembra o sentido do seu voto. Di que ambos os dous grupos erraron ao non falalo antes de sacar á opinión pública os argumentos sobre o sentido do voto.

O voceiro do PG di que o seu grupo votou en contra pola lexislación en contra da que tivo



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

coñecemento a través do voceiro de AxP e que non van votar nada en contra do colectivo LGTBI e non votaron en contra da moción contra a violencia de xénero.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que parece mentira que se perda o tempo en pedir un ditame á Deputación se se pode poñer unha pancarta multicolor que hai en todos os concellos da volta. Di que deberían falar de obras e chegar a acordos sobre iso. Di que o grupo AxP votou en contra da urxencia da moción que presentou o grupo socialista para que non se puidera aprobar e que agora presenta unha moción que é no seu 90% a do PSOE, que o PSOE ía aprobar porque a finalidade da moción estaba cumprida. Di que o grupo socialista non pedía sacar da fachada as bandeiras oficiais senón que pedían colocar a bandeira multicolor, que estivo mal non debater a moción e que hai que cambiar cousas e en vez de poñer “bandeira” hai que poñer outro termo.

O alcalde di que o artigo 3 da Lei 39/1981 do 28 de outubro regula o uso da bandeira de España que deberá ocupar un lugar preferente no interior de todos os edificios e establecementos da Administración central, institucional, autonómica, provincial ou insular e municipal do Estado, e que o artigo 4 establece que nas comunidades autónomas os estatutos das cales recoñezan unha bandeira propia tamén se utilizará coa bandeira de España en todos os edificios públicos civís do seu ámbito territorial. Di que o artigo 5 desa lei di que cando os concellos e deputacións ou calquera outra corporación pública utilice a súa propia bandeira o fará xunto coa de España. Explica que o 1 de xuño de 2020 se fixa doutrina que establece que non é compatible no marco institucional legal vixente usar bandeiras non institucionais no exterior dos edificios públicos aínda cando concorran coas bandeiras oficiais e que o Contencioso núm. 3 de Zaragoza si permite outras solucións para as administracións públicas que queren sumarse a movementos de loita polos dereitos do colectivo LGTBI e que pediron o ditame á Deputación pola dúbida que formulou o voceiro de AxP, por pedir unha terceira opinión.

A voceira do BNG di que quere deixar claro que no momento se votou en contra da urxencia, non do contido, aínda que se usaron argumentos que non compartían, que é xusta esa dúbida. Di que na ordenanza que regula o IVTM aparece escrito que as persoas con diversidade funcional deben acreditar o grao de recoñecemento da diversidade funcional en vez de discapacidade funcional non sabe se por posicionamento político, falta de rigorosidade ou por un erro humano, que entende que o termo discapacidade é pexorativo e que lle parece mellor usar o termo diversidade, polo que se pode usar o papel de políticos para cambiar o mundo porque é mellor utilizar “diversidade funcional”. Considera que se están a favor da bandeira LGTBI, poden tomar a decisión de colocala no balcón independentemente de que sexa estritamente correcto.

O voceiro de AxP di que o que se busca é acabar coas dúbidas e a seguridade legal.

A voceira do BNG di que se está gastando moitísimo tempo neste tema e considera que se debe deixar ata a sesión plenaria de maio xa que o 28 é o Día do Orgullo LGTBI.

O alcalde di que, se o considera o resto do Pleno, volven a tratar o tema despois de que a Deputación informe.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que o ve innecesario e que se debe aprobar a moción.

O alcalde di que cre que deben esperar a ter o informe para aprobar a moción, que o Goberno non se pon a que se colgue a bandeira pero que as normas están para



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

cumprilas e que non costa nada esperar 15 días a ter o informe.

A voceira do BNG di que entón acaban de aprobar unha ordenanza cunha inexactitude manifesta. O alcalde di que todos cometen erros, mesmo ela cando dixo que a Laracha non tiña aprobada a ordenanza fiscal por aproveitamento especial do dominio público.

1.11 Mocións de urxencia

A secretaria di que hai unha moción de urxencia que presentou AxP de solicitude dun informe á Deputación que garanta a colocación da bandeira LGTBI no balcón do Casa do Concello e outra que presentou o PG pola posta en marcha da oficina municipal de Corme como espazo de atención á cidadanía.

O alcalde di que se pode saltar a moción que presentou o grupo AxP e pasar á que presentou o grupo PG.

<< Moción pola posta en marcha da oficina municipal de Corme como espazo de atención á cidadanía

O Partido Galego ao abeiro da lexislación vixente presenta esta moción a través dos seus concelleiros para a consideración do pleno da Corporación do Concello de Pontevedra.

A pasada lexislatura, o goberno socialista levou a cabo un desmantelamento da oficina municipal en Corme deixándoa libre dos servizos que viña prestando diariamente: oficina técnica, servizos sociais, atención da Alcaldía e Tenencia de Alcaldía.

Na actualidade, a pesar de terse levado a cabo algunha mellora, aínda non se restableceron todos os servizos, tal cal tiña a oficina en tempos pasados.

Tendo en conta que a administración electrónica non impide de ningún xeito que se poidan levar a cabo trámites de diversa índole dende esta oficina, ante a situación de envellecemento da parroquia evitar o desmantelamento definitivo da oficina, dende o Partido Galego solicitamos que someta o seguinte acordo a votación do Pleno:

- Que a Oficina municipal de Corme permaneza aberta de luns a venres dende as 09:00 h ás

14:00 h, como mínimo.

- Que se restablezan todos os servizos que alí se prestaban: servizos sociais, educación familiar, oficina técnica e atención á veciñanza por parte dos concelleiros do Goberno e do alcalde.

Presentamos esta moción os concelleiros do grupo municipal do Partido Galego en Pontevedra o

27 de setembro de 2023.

Raquel Fondo Pérez/ Juan Ramón Vidal Torrado>>

O voceiro do PG di que non piden que se contrate novo persoal, senón que o persoal da Casa do



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Concello se desprace a Corme.

O presidente somete a votación a urxencia.

O Pleno do Concello aproba a urxencia por once votos a favor (once: 4 do PP, 3 do PSdeG-Psoe,

2 do PG E 1 de AxP e 1 de APIN) e unha abstención do BNG). O presidente abre o debate. A vogal do BNG di que non entende como pode ser que o voceiro de AxP actúe como se formase parte do grupo de Goberno cando el di que non e que o voceiro do PG non teña isto presentado como proposta do Goberno, que ela daba por feito que a oficina de Corme xa estaba aberta máis aínda polas palabras do alcalde de que ía despachar desde Corme.os venres

O alcalde dille que o que di o cumpre e que vai a Corme os venres de 9:00 h a 11:00 h e logo fai

visitas sociais, que a concelleira de Servizos Sociais atende dous días na oficina de Corme e dous días atende a oficina persoal do Concello e un día atende persoal de Espina & Delfín.

A voceira pregunta pola diferenza entre o que se fai e a proposta.

O voceiro do PG di que é verdade que a oficina está funcionando agora, que o persoal funcionario que atende alí xa ten os accesos á administración electrónica pero quere que un funcionario estea alí todos os días de 9:00 h a 14:00 h e que haxa o compromiso de desprazar o resto dos servizos todas as semanas a esa oficina. Di que presentaron a moción por urxencia porque o seu grupo levaba iso no seu programa electoral e que esta semana houbo persoas que lles reclamou este asunto.

O voceiro de AxP di que apoia a moción na súa totalidade.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que o seu grupo non comprende este tipo de mocións, que o Goberno ten que organizar os seus recursos, que non é necesario unha moción senón que o alcalde ten que distribuír os recursos humanos.

O alcalde e voceiro do PP di que os recursos humanos son os que son, que o grupo popular intenta cumprir o programa electoral e por iso está intentando estar todas as semanas na oficina de Corme e que vai ser difícil atender o pedimento do grupo socio do Goberno pola escaseza de persoal, que o seu grupo quere dotar a oficina de Corme de contido e que persoal do Concello que está presente na sala recuperou todos os seus perfís de usuario para traballar desde alí ao

100% o que ata o de agora era imposible porque se lle tiñan capados os perfís de usuario.

O voceiro de APIN-ESCO di que está de acordo coa moción pero que non entende que este tipo de cousas terán que negociarse non na sesión plenaria.

Non hai máis debate.

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno do Concello aproba a moción por catro votos a favor (catro: 2 do PG, 1 de AxP e 1 de

APIN-ESCO) e oito abstencións (oito: catro do PP, tres do PSde-G-PSOE e 1 do BNG)

2 Parte de control e de fiscalización



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2.1 Pregos e preguntas

PREGOS DE AXP

1 Pedimento do grupo municipal Adiante por Ponteceso (Axp) ao alcalde de Ponteceso para que esixa que a Xunta de Galicia limpe a estrada de Xornes e que o persoal do Concello limpe os arredores da casa dos veciños e que se baleiren os colectores de vidro.

O alcalde di que é difícil explicar o que pasou cos limpeza, que pode soar a escusa pero que o contrato está adulterado porque as datas de limpeza dese contrato eran unhas e esas datas alterounas o anterior Goberno na campaña electoral. Di que teñen razón os veciños de Xornes e dilles ao exalcalde e á concelleira Varela que digan que fixeron uso da limpeza fóra do contrato. O contrato di que a empresa ten que facer dúas limpeza ao ano e o anterior Goberno fixo uso delas un mes antes do sinalado.

2 Pedimento do grupo municipal Adiante por Ponteceso (AxP) para que se convoque por concurso oposición as dúas prazas de oficial de Policía Local do cadro de persoal que están vacantes e dotadas no orzamento

O alcalde di que van intentar que no próximo orzamento estean reflectidas as dúas prazas vacantes da Policía Local.

PREGOS DE APIN-ESCO

1. O voceiro de APIN-ESCO di que expón que na rúa peonil que vai dende a avda. Eduardo Pondal ata o parque que está situado á beira do Anllóns hai varios parterres nos que mederan agapantos azuis plantados hai cinco anos. Di que o seu grupo comparte a idea de que hai que limpar pero non comparte que haxa que arrasar con todo e pide que cando se roce se teña en conta que unha árbore pequena non soporta os cortes que lle producen os fíos na tona e seca.

2. O voceiro de APIN-ESCO prega que o alcalde aclare o que dixo na última sesión plenaria cando dixo que a Fundación Eduardo Pondal recibira unha subvención de 800 euros e pídelle que diga a cantidade exacta que recibiu do Concello a Fundación Eduardo Pondal dende o 1 de xaneiro de 2022 ata a actualidade, tanto as facturas pagadas como as pendentes de pago no caso de as haber.

O alcalde responde que na anualidade de 2020 non lle consta ningunha subvención, que na anualidade de 2023 lle constan 445 e 445 e na anualidade 2023 lle constan 840 en subvencións directas. Di que no ano 2019 se concederon moitas subvencións pero facilítalle unha listaxe para que el comprobe. Di que a Fundación Eduardo Pondal di que leva unha parte importante para actividade cultural

O voceiro de APIN-ESCO di que dende o 20/09/2022 ata o 21/11/2022 viu nas resolucións subvencións por importe de 25.099,03 á parte dos 400 e pico de euros que di o alcalde. Fala de concerto de DKTC por importe de 12.100 euros e 9.680 pola



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

actuación de Xabier Díaz o

09.09.2022. Di que iso foi o que comprobou nas resolucións de dous meses e que supón que será unha cifra maior se mira as ditadas entre o 1 de xaneiro de 2022 ata a actualidade. Di que el non está a favor nin en contra dos cartos destinados á Fundación pero que a xente debe saber que moitas das actividades as paga o Concello.

O alcalde dille que lle pediu á Tesourería unha listaxe de subvencións directas e pagos á Fundación.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que presentou tres rogos, tres preguntas e tres mocións. A secretaria dille que as debeu presentar fóra de prazo.

A voceira do BNG pregunta se as preguntas tamén as hai que presentar antes das 14:00 h e a secretaria dille que as preguntas e os pregos que se presenten agora se contestarán na seguinte sesión.

PREGOS DO BNG

1.A voceira do BNG prega que o alcalde convoque para o día 23 a sesión plenaria do mes de novembro por ser o 25 o Día internacional contra a violencia de xénero e que nesa sesión plenaria se aprobe unha declaración institucional que recolla o previsto no epígrafe 1 da moción sobre violencia de xénero aprobada no pleno do 10/08/23, como mínimo, e facer público ese acordo. Tamén prega o Goberno informe aos demais membros da Corporación e á sociedade do estado de desenvolvemento dos acordos adoptados na moción aprobada no mes de agosto.

2.A voceira do BNG prega que Tesourería emita informe sobre a débeda vida do Concello o día 1 de cada mes e que esa información se achegue todos os meses a toda a Corporación.

3. A voceira do BNG pide usar a quenda do seu terceiro prego para facer comentarios ás actas das sesións anteriores e pide incluír eses comentarios nesta acta xa que non se poderán incorporar ás actas correspondentes, ao que accede o Alcalde

Entendo que a acta das sesións plenarias debe recoller só sucintamente o debate, non na súa literalidade exacta, pero considero que queda cambiado o sentido das miñas intervencións, tal como están recollidas.

No que respecta a acta do 10 de agosto:

- No punto 1.5 da orde do día, a intervención recollida na acta remata decindo: “...non solicitar máis préstamos aos bancos”

a miña intervención foi:

“...non volver a solicitar, na medida no posíbel, periodos de carencia para estos ou futuros préstamos que deban solicitarse e que só supoñen incrementar a cifra de intereses



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

abonados aos bancos polas arcas públicas e por ende polos nosos petos, cousa que considero un mal uso dos cartos públicos polo que optou o rexidor anterior.”

- No punto 1.6 da orde do día, onde dí
“...pero non entendo de que non se siga un orde ou prelación pola antigüidade das débedas...”

dixen:

“...non entendo porque non se está contemplando tamén o criterio de prelación que pode establecer a prioridade de abono en base a criterios diferentes á data de rexistro, e segundo o cal poderíase establecer unha planificación e establecerse acordos de pago cos provedores distribuídos no tempo. ...”

onde dí:

“...O que me queda claro e non se pode admitir é que o concello ten unha morea de cartos, e non é así, e así consta nestes expedientes. Non sabemos se quedarán recursos para investimentos...” dixen:

“...O que si me queda claro, despois da información á que tiven acceso estes días e á vista na necesidade destes 5 expedientes, mesmo aínda que non estea dacordo con parte das decisión políticas adoptadas polo goberno, é que á vista do volumen de gastos pendentes de abonar e os que están comunicados pero pendentes de rexistrarse, NON se debería dicir que o Concello de Ponteceso té unha chea de cartos nas súas arcas, pois trátase tan só dun espellismo matemático, e quen siga decindo isto ou ben pretende enganar á veciñanza ou engánase a si mesmo...”

Recollo sucitamente a continuación as dúas intervencións principais que eu fixen no pleno do 14 de setembro, que non se corresponden exactamente na orden dos fragmentos recollidos na acta, pois non recoñezo como propia parte do literal que se me adxudica.

1.- Na miña primeira intervención dixen que non entendía porque este pleno, que estaba preavisado desde a comisión informativa de finais de agosto (30/08/23) non se convocara con máis tempo e con mellor información, non entendía que despois de 15 días se convocara de urxencia con só 24 horas para revisar a documentación, e que por iso votara en contra (da urxencia).

Dixen que compartía a dúbida de Pose Verdes, que como se pretendía modificar o destino do POS xa aprobado en pleno, que cando se comunicara o alcalde con nós para consensuar un cambio como este.

2.- Na miña segunda intervención aclarei que eu dixen que votaba en contra da urxencia, non da proposta pois claro que había que pagar aos funcionarios o que lles correspondera. O alcalde fai un inciso preguntándome se estaba cambiando o sentido do meu voto e dixen que non, que só votara en contra da urxencia porque non entendía que este pleno estivera previsto había 15 días e non se convocara ata había 24 horas sen máis información previa, que a estas cousas me refiro cando lle falo ao alcalde de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

opacidade.

Seguín decindo que como parecía que se trasladaba a este pleno o anterior no que non se nos deixou falar pois quería aclarar que por moito que Carballido sempre aproveite para dicir que está dacordo con nós eu podía estar dacordo nalgunhas das cousas que pedía no pleno anterior pero desde logo mantíña a mala valoración da súa xestión que xa contei en campaña, e non estaba dacordo coa súa argumentación (da solicitude de pleno extraordinario) que desmostra que Carballido sigue vivindo na súa propia distopía.

E dixen que o alcalde ao decidir convocar ese pleno sen deixarnos falar a todos demostra unha grande falla de transparencia e de democracia, que o fixo porque lle gusta o circo tanto como a Carballido.

PREGOS DE AXP

O voceiro de AXP pide que non se permitan descargas desde as 23:00 h ata as 7:00 h para garantir o descanso dos veciños da avda. Eduardo Pondal.

PREGOS DO PSdG POSE

O voceiro do PSdeG-PSOE pídelles flexibilidade ao Goberno e que lle deixe ler as súas mocións sobre as obras.

O alcalde respóndelle que é a quenda das preguntas

O voceiro do PSdeG-PSOE di que o seu grupo vai pedir unha sesión extraordinaria con esas obras.

2 Toma a palabra Noelia Varela, do PSdeG-PSOE di que vai ler un prego porque é a parte afectada e pídelles ao alcalde que non se repita o insulto que lle dirixiu na sesión plenaria anterior e que non se volvan a repetir as formas do concelleiro Constantino Fernández cara a ela. Tamén pide que se ocupe de mirar o trato que teñen os concelleiros e o Goberno cara aos empregados municipais que están fóra dos despachos porque tamén merecen respecto e seren tratados adecuadamente. Pídelles ao alcalde que non se dirixa a ela, que se dirixa ao portavoz e que fale con educación, que abandone o carro se non quere aguantar e que está cobrando 36.000 euros cunha dedicación do 75% que lle deberían aplacar o efecto das críticas e das palabras indebidas. Dille ao alcalde que ela particularmente non deixou débedas, que as débedas son das prestacións á veciñanza. Pídelles educación e respecto, que lle deixou preparado todo o do programa Concilia e que o único que tiñan que facer era organizar a 21 operarios para ter os locais acondicionados para desenvolver o Concilia. Di que ela facía o traballo gratis. Remata dicindo que prega que manteña as distancias con ela e que o concelleiro de obras non se achegue a ela. Di que non vai aceptar actitudes agresivas contra ela.

O alcalde dille que lle chamou hipócrita e que non debeu facelo e está arrepentido. Dille que ela sabe que Constantino non ameazou ao empregado ao que ela fai referencia. Dille que el non está aí polos cartos e que el se enfrontou a xente do PP porque non estaba de acordo con que lle quitaran o soldo. Di que algún do PSdeG-PSOE lle chamou maltratador a Constantino.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A concelleira Varela dille ao alcalde que parece que está obsesionado con ela e que se ten un problema de autoestima é seu problema. Dille que non quere o sitio do alcalde pero que el parece que está obsesionado con ela.

O alcalde dille que un xefe do persoal pódelle chamar a atención mantendo as formas. Dille que non ten obsesión con ela. Di que cando fale da acción do anterior Goberno vai falar do exalcalde e dela porque ten tantísima responsabilidade como o exalcalde.

O voceiro de AxP di que está orgulloso de non apoiar ao PSdeG-PSOE.

Preguntas

PREGUNTAS DE APIN

1 O voceiro de APIN-ESCO pregunta se a sesión plenaria extraordinaria do 14 de setembro é nula de pleno dereito.

A secretaria resposta que esa sesión foi solicitada por unha cuarta parte dos membros da

Corporación, que ese tipo de sesións están reguladas polo artigos 46 e 65 do ROF que establecen unha serie de requisitos formais e legais para celebrarse. A solicitude do grupo socialista cumpría os requisitos formais e legais para convocar a sesión, por outra parte a convocatoria é obrigada nos quince días hábiles seguintes e que se o alcalde non convoca ten que ser a secretaria quen convoque. Explica que se ben a solicitude estaba motivada, non tiña parte dispositiva e que por iso se tratou como un rogo. Di que non é nulo de pleno dereito, que ese tipo de sesións teñen

carácter excepcional e normalmente é un acto de fiscalización pero non tiña parte dispositiva por

iso non se tratou como proposta.

2 O voceiro de APIN-ESCO di que deixa para outro día a pregunta que presentou relativa ao colectivo LGTBI.

3 O voceiro de APIN-ESCO pregunta sobre a nova imaxe corporativa, moi significativa a cor azul e faltan algunhas siluetas.

O alcalde responde que non hai empresa detrás diso, que o fixo unha persoa do Goberno e que cambiará de color.

PREGUNTAS DO BNG

1 A voceira do BNG pregunta sobre as xestións para abondar nas dúas mocións que presentou na anterior sesión referentes á supresión da ESA e da liña de FP Básica de Administrativo no IES Eduardo Pondal.

O alcalde contéstalle que falou co responsable de Educación da Xunta na Coruña e que está esperando pola resposta da Valedora.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que cun voceiro do BNG nunha pasada lexislatura se creou o

Consello Escolar e que o alcalde debería convocar para tratar estes temas.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2 A voceira do BNG pregunta se o alcalde vai convidar ao resto da Corporación aos consellos parroquiais.

O alcalde contéstalle que os consellos parroquiais están abertos para todo o mundo.

3 A voceira do BNG pregunta cando vai cumprir o alcalde o compromiso adquirido co concelleiro Pose Verdes e coa Corporación de facilitarnos as resolucións da Alcaldía con periodicidade semanal porque non dá tempo a revisar un arquivo de 500 páxinas. Di que viu que o Concello solicitou unha subvención para cubrir a pista de pádel, que debe ser o máis urxente que ten que facer o Goberno.

O alcalde contéstalle que as convocatorias saen cando saen e que a outra posibilidade era solicitar para cambiar o céspede artificial do campo de fútbol de Corme e que deron prioridade á de cubrir a pista de pádel.

PREGUNTAS DO PG

1 O voceiro do PG pregunta polos abonos que fixo EDP ao Concello polo convenio de cesión de uso de varios predios de titularidade municipal ou por outros que poidan existir.

O alcalde responde que esta mesma documentación a está pedindo outra xente e que se está xuntando e que o día 2 ten o compromiso de tela toda xunta.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que presentou tres mocións e que solicitarán unha sesión extraordinaria se non se lles permite presentalas.

A secretaria indica, co permiso do alcalde, que no documento presentado de mocións lese que son para presentar na sesión plenaria de novembro.

O alcalde permítelle ler as mocións.

O Grupo Municipal dos Socialistas de Ponteceso, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno as seguintes iniciativas.

MOCION DE ACCIÓNS URXENTES POLO GOBERNO DE PONTECESO

Que o Goberno local orzamente o suficiente para o:

Arranxo dos accesos a Limiñoa dende A Ourada, dende o límite con Malpica (lugar de Taraio) e dende os Barreiros de Cores, incluíndo unha tubería de abastecemento de auga. Completar o abastecemento de auga municipal a Figueiroa e Bardaio.

Arranxo das rúas de Cores que unen Santa Cruz e Os Torrados, a estrada provincial no cruce a Miraflores ata a marquesina da Campara (de detrás dos antigos Bar Barreira e Súper Rama). Arranxo da rúa que une a estrada á Lamela co almacén de materiais de construción, na estrada provincial, na Camparra. Proxecto para a mellora dos accesos e o firme do aparcamento da parroquia de Cores.

En Pazos, arranxo do vial dende Rebordáns ata Vimieiro e á igrexa de Pazos por ambas



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

marxes da cooperativa. Arranxo do socavón no cruce que vai a Caverna, na intersección coa estrada autonómica. Arranxo da pista de acceso cara “a casa de Pinche”. Recollida e pluviais e arranxo viario de Pazos de Abaixo, no contorno do Campo ata a estrada a Langueirón. Completar a transferencia da Casilla ao Concello, e proxecto para construír 2 vivendas de protección social acaroadas para alugueiro social e fixar poboación. Que o Alcalde reúna xa o consello escolar municipal, como xa solicitamos no pleno anterior. Que o Goberno municipal leve a cabo o proxecto de cesión do terreo anexo ao IES Eduardo Pondal á xunta para a ampliación do centro.

En Tella, arranxo da estrada que vai da Cartuja na Vereda, ata a estrada á Gándara, pasando por Entre as Chousas. Arranxo da estrada que vai por detrás do instituto de Ponteceso, ata a Pesqueira na estrada autonómica, para aliviar o tráfico na zona escolar e aproveitar o estacionamento detrás do instituto, porque ao estar sen asfaltar satúranse os aparcamentos pola mañá prexudicando os veciños da zona escolar, habendo cantidade de aparcamentos baleiros detrás do instituto que non se usan. Arranxo da estrada forestal dende Palás ao Polígono de Tella e cara Tallo, coa recollida das pluviais. Posta en marcha de medidas dalgunha seguridade viaria na rúa do instituto, pois as bandas rugosas foron retiradas e non repostas. Contratación do proxecto para cubrir a pista deportiva de Tella para uso deportivo e social durante todo o ano. Reparación urxente do local social segundo memoria solicitada pola asociación dos Seixos, que consta no rexistro municipal. Na Trabe, inicio inmediato da obra de recollida de pluviais no campo da Feira, obra imprescindible para evitar as inundacións e que é mellor executar con bo tempo que no medio do inverno metereolóxico. Na rúa Blanco Amor, contratar xa o proxecto para construír 2 vivendas de protección social desafectadas, propiedade do Concello, para alugueiro social e fixar poboación. No Polígono, proxecto da para a construción dunha nave para a brigada de obras e servizos municipal.

En Anllóns, desenvolvemento do proxecto de saneamento e plan de arranxo viario de Anllóns Grande.

Na Graña, desenvolvemento do proxecto de saneamento de Carballido e posterior plan de arranxo viario. Contratación do proxecto de campo público e local social para a parroquia.

En Nemeño, adquisición do terreo anexo ao campo da festa e proxecto para a ampliación do mesmo para aparcamento e campo público.

En Cospindo, arranxo das tapas da avenida Eduardo Pondal, que fan insoportable o ruído co paso de coches e camións aos veciños da avenida Eduardo Pondal. Arranxo das plaquetas afundidas á altura do número 63 da avenida Eduardo Pondal de Ponteceso. Arranxo das barandillas rotas no paseo marítimo entre a Ponte de Ponteceso e o Malecón, pola peligrosidade para os viandantes. Redacción do proxecto dun novo parque infantil no Relleno de Ponteceso, tras a cesión por Costas del Estado de 10.000m². Arranxo e sobreancho do viario de Nemeño a Niñóns polos Ánxeles, conseguindo dos propietarios as cesións necesarias. Redacción dun plan para conseguir terreos en Niñóns e cedelos a Costas do Estado para que faga os aparcamentos, servizos, e o acceso a Lago por fora do dominio público. En Brántuas, arranxo do viario ao porto de Santa Mariña e mellora dos accesos a Niño do Corvo e Porrido.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

En Corme Aldea, mellora do viario de Gondomil a San Hadrián, coa recollida de pluviais. Mellora da rúa do Toural, segundo o proxecto do que dispón o Concello. En Roncudo, mellora viaria do núcleo rural histórico, por onde transcorre o camiño dos Faros. Mellora das rúas que restan por arranxar na Costa da Aldea, con reforzo dos muros de contención, recollida de pluviais e mellora do acceso á estrada a Roncudo.

En Corme Porto, reparación dos desperfectos dentro e no contorno do parque do Biscoiteiro de Corme, plaquetas arrancadas, chicles pegados, grafitis nos paneis, corcho arrancado. Proxecto para continuar a reforma do caso antigo de Corme no Campiño e cara o Gafote, a Riloa e Os Condes, e o contorno . Proxecto para a iluminación con led do viario dende a Agra de Rodríguez á Regadiña e á estrada provincial ao Cairo. Rematar canto antes e Grupo Municipal Socialista de Ponteceso Iniciativas ao Pleno ordinario de novembro executar o proxecto de mellora do Barrio do Campo. Redacción e execución do cubrimento da pista de pádel.

En Tallo, mellora do acceso ao Rieiro e Vilasuso dende a praza da Bugalleira.

En Xornes, mellora dos viarios en San Antonio, Froxán e Xornes seguindo o modelo de urbanización de Sergude de Arriba e de Abaixo.

Moción de solicitudes urxentes á Xunta de Galicia.

Que o Goberno de Ponteceso consiga de forma urxente, da Xunta de Galicia:

A redacción e execución das sendas do Couto, prometidas hai tres anos, de Guxín ás Forcadas en Corme Aldea, de Froxán ao Quente en Xornes, da Bugalleira a Pazos, da Mezquita a Pazos coa mellora da seguridade vial na Noria como reclaman as familias dos nenos e nenas en idade escolar da parada da Bugalleira.

Mellora da recollida de pluviais da estrada autonómica no Couto, que inundan as fincas e as casas.

Reunión urxente coa conselleira de infraestruturas para o plan de investimentos de dous millóns de euros do que dispón o Concelo, na mellora do abastecemento, retirar o fibrocemento e reformar as estacións de tratamento de augas etap. Na reunión tratarase tamén o plan para evitar as inundacións de Ponteceso, que Augas se comprometiú a ter feito en setembro e con obras que en Carballo xa se están licitando por 1,5 millóns de euros. Que a consellería de infraestruturas asfalte a estrada de Buño a Ponteceso, que está chea de remendos e buratos, incluso na curva do Petón en Tella, facendo que os vehículos invadan o carril contrario. Que a Xunta arranxe as vías de servizo desa estrada, de Pazos a Tella, porque pertencen ao seu dominio e non os arranxaron en 20 anos dende que se reformou a estrada.

Instar a Portos de Galicia á mellora da obra da avenida da Marina, para mellorar a recollida de augas e resolver o problema de seguridade vial ao estar a estrada á altura da beiravía sen protección para os peóns.

Que o Sergas mellore a atención aos doentes de Ponteceso, reducindo as agardas para



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

unha cita de atención primaria, que chegan a dez días. Reforzo non só os domingos, da atención médica no PAC, que no verán chegou ao borde do colapso sen que se aumentaran os efectivos pese ao gran aumento dos habitantes de Laxe, Cabana e Ponteceso. Que a Xunta execute o acordo acadado no Pleno municipal de Ponteceso para pedir unha ambulancia medicalizada para o noso centro médico.

Que a Consellería de Educación repare xa o falso teito da zona de oficinas e biblioteca do Ceip As Forcadas, que leva máis dun ano estropeado. Que a Xunta inclúa o Ceip Eduardo Pondal no plan de nova arquitectura pedagóxica, sendo un centro de máis de 50 anos de antigüidade.

Que a Consellería de Política Social conceda unha residencia de maiores a Ponteceso, despois de rexeitarnos as casas do maior da Campara e Corme Aldea.

Que a conselleira de Medio Ambiente conceda a ampliación do Parque Empresarial de Tella, se o Alcalde non consegue que se continúe co proxecto de Sepes.

MOCIÓN DE SOLICITUDES URXENTES AO GOBERNO DE ESPAÑA

Conseguir a mellora da cobertura de móbil na metade do termo municipal, onde é moi deficiente.

2.2 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, dende a núm. 615/2023, do 28.07.2023 ata a núm. 770/2023, do 22.09.2023..

O Pleno queda informado.

Non hai máis asuntos que tratar.

O presidente remata a sesión ás 00:02 horas e eu redacto esta acta como secretaria. Dou fe

O presidente
A secretaria
José Manuel Mato Martínez

Dou fe

Antía Pena Dorado